

PROGRAMA TROULEANDO A rolos polo Cebreiro!



Para este mes de marzo, dentro do programa TROULEANDO, propoñemos unha actividade que conxuga diversión, deporte e socialización entre a mocidade,...

A rolos polo Cebreiro!, unha actividade para gozar da neve, e un bo complemento para saír da rutina da semana e disfrutar dunha xornada de xogos e actividades para divertirse e combatir a pasividade: captura da bandeira, bolas,...

O conxunto monumental de O Cebreiro, así como todo o seu entorno, son poboacións que merece a pena coñecer en calquera época do ano, pero ten algo especial no inverno.

No seu entorno están as tradicionais e famosas pallozas, hoxe convertidas en tendas de souvenirs, alimentos, etc.,... e unas espectaculares vistas da paisaxe típica da montaña lucense.

A actividade terá lugar o sábado 28 de marzo, con saída en bus dende a Praza do Concello de Bertamiráns ás 8.00h e a Casa da Cultura de Milladoiro ás 8.15h. Comeremos no Cebreiro, así que cada quen debe levar algo de cartos para iso. O regreso efectuarase nas mesmas paradas, chegando a Milladoiro arredor das 20.30h e a Bertamiráns ás 20.45h aproximadamente. Os participantes menores deben ser recollidos na parada polos pais/nais/titores-as ou representantes legais.

Para inscribirse debes estar empadroad/a no Concello de Ames e ter de 14 anos cumpridos en adiante.

Se queres participar cubre a ficha de inscrición e envíaa a omix@concellodeames.gal, o prazo para entregala remata o 16 de marzo, e as prazas son limitadas ata un máximo de 30.

Será preciso contar cun mínimo de 20 mozos/as para desenvolve-la actividade, en caso contrario, o Concello de Ames, poderá anular a actividade.

Calquera dúbida contacta coa OMIX (Casa do Concello en Bertamiráns luns, mércores e xoves, e Casa da Cultura en Milladoiro martes e venres), teléfono 616083229 e correo electrónico omix@concellodeames.gal.

A rolos polo Cebreiro!!

FICHA DE INSCRICIÓN

Nome e apelidos: _____

Telf: _____ Idade: _____

Correo-e: _____

Enderezo: _____

PARADA BUS (X)	LUGAR	HORARIO ESTIMADO	ADULTO/A RESPONSABLE DA RECOLLIDA DO/A PARTICIPANTE Á VOLTA (de selo caso)
	Praza Concello Bertamiráns	Ida 8.00h Volta 20.30h	NOME E APELIDOS: DNI:
	Casa Cultura Milladoiro	Ida 8.15h Volta 20.45h	NOME E APELIDOS: DNI:

Eu _____

DNI _____, acepto as bases e requisitos da actividade, polo que asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición.

(Autorización paterna **SÓ** en caso de menores de idade)D./D^a _____

DNI: _____ como pai, nai ou titor/a do/a solicitante autorizo ao mesmo/a a participar nesta actividade, acepto as bases e requisitos da mesma, polo que asino a miña conformidade e formalizo a presente inscrición.

Así mesmo AUTORIZO NON AUTORIZO ao ao Concello de Ames a captación de fotografías, a gravación de imaxes e o rexistro de sons deste evento organizado polo concello no que apareza o/a antedito/a participante, ben a título individual ou formando parte dun grupo. Poderán destinarse á súa difusión a través de calquera medio de comunicación audiovisual ou impreso así como ao arquivo para a súa utilización en campañas de promoción ou calquer tipo de documento que se publique a instancias do Concello de Ames, mantendo sempre a observancia dos dereitos da infancia e sen desvirtuar en ningún caso o seu significado nin tampouco o contexto no que foron captadas.

Asdo.: _____
(solicitante maior de idade ou pai, nai ou titor/a do/a menor de 18 anos)

Data:

Información relativa ao tratamento dos seus datos persoais:

O responsable do tratamento dos datos achegados pola persoa solicitante é o Concello de Ames. Os datos serán tratados coa finalidade específica da Oficina Municipal de Información Xuvenil, de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal, pola Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposicións de aplicación.

Conforme ao artigo 6 do Regulamento 2016/679, a lexitimación do tratamento está baseada nunha obriga legal, no interese público e no consentimento das persoas interesadas nestas actividades.

O prazo de conservación dos datos dependerá do especificado para cada tratamento de datos persoais ou os que legalmente sexan de obrigado cumprimento.

Os datos solicitados unicamente serán obxecto de cesión á empresa que presta o servizo "TROULEANDO: A rolos polo Cebreiro!"; se fose necesaria algunha outra cesión a terceiros, será previo consentimento da persoa interesada ou de acordo co previsto na citada lexislación.

As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Ames poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, ante o órgano responsable do tratamento dos datos (Concello de Ames). Tamén poderán exercer os seus dereitos ante o Delegado de Protección de Datos do Concello no enderezo electrónico dpd@concellodeames.gal

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE AMES